

EXPEDICIÓN DE CULTURMAR A *EUSKAL BATELERO EGUNA 2025*"

Lekeitio (Gipuzkoa), 31 xullo - 3 de agosto 2025

Prezadas compañeiras e compañeiros:

A Asociación *Euskal Bateleroak* vén de convidarnos a participar nunha nova edición do **Euskal Batelero Eguna 2025**, que este ano terá lugar en **Lekeitio do 31 de xullo ao 3 de agosto** e ao que Culturmar enviará unha delegación nas seguintes condicións:

XANTARES E ALOXAMENTO

- ✓ **Manutención exclusiva para tripulantes:** A organización local correrá co **xantar** dos tripulantes participantes con un máximo de 4 persoas por día e barco.

Importante: Infórmase de que en calquera caso non se servirán ceas, que irán por conta dos tripulantes desprazados.

Esta é a previsión dos xantares aínda que non está confirmado o sistema de manutención.

- ✓ **Aloxamento:** gratuito en pabillón polideportivo con colchonetas (até 4 prazas por embarcación). É preciso levar saco de dormir e almofada.

INSCRICIÓN DE EMBARCACIÓNS

As embarcacións desprazaranse polos seus propios medios, sexa por mar ou por terra (en remolques), para o que se librará unha axuda única de **400 €** por cada barco que se desprace **até un máximo inicial de 4 barcos**.

Para aqueles barcos que se despracen por terra, previsiblemente haberá un servizo de grúa para as botaduras e varadas aínda que a día de hoxe non está confirmado. Os remolques disporán neste caso dunha zona para o seu estacionamento durante os días de estadía.

Para o cobro das axudas, os colectivos inscritos deberán emitir unha factura en regra a Culturmar polo importe conxunto dos barcos correspondentes, IVE incluído, de ser o caso.

Será responsabilidade das persoas ou colectivos armadores contar coas medidas de seguridade e documentación en regra para cada barco.

DATAS

As embarcacións inscritas deberán estar en Lekeitio o xoves 31 de xullo e regresar o día 3 de agosto (domingo) ou 4 (luns).

Os barcos que vaian por mar procurarán organizar as datas de maneira conxunta e prever a estadía en Lekeitio durante os días de celebración do festival.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A selección dos barcos que formarán parte da expedición oficial farase **atendendo á variedade de tipoloxías e procurando a participación do máximo número de colectivos**. Estes criterios poderán mudar no caso de non haber suficientes colectivos interesados ou barcos inscritos.

En caso de haber exceso de barcos inscritos, atenderanse outros criterios como estar ao día nas cotas da Federación, o grao de implicación dos colectivos nas actividades comúns de Culturmar, a asistencia regular ás asembleas ou a orde de entrada dos correos de inscrición.

Os colectivos que desexen inscribirse fóra da expedición oficial poderán facelo de xeito autónomo.

A inscrición dun barco na expedición oficial implica necesariamente a participación da tripulación nos labores comúns indicados máis abaixo.

COORDINACIÓN DA EXPEDICIÓN E COMPROMISO DOS COLECTIVOS INSCRITOS

A coordinación xeral da expedición correrá a cargo dun membro da Xunta Directiva ou, no seu defecto, dalgunha das persoas integrantes da expedición.

Lembramos que os barcos e tripulacións participantes conforman unha única expedición en representación de Culturmar no Euskal Batelero Eguna, polo que todas as persoas que formen parte da mesma deberán **asumir o compromiso de participar de xeito activo e colaborativo nos labores comúns: navegacións oficiais, presenza nos actos institucionais** e demais actividades propias dunha delegación oficial de Culturmar, como mostra do labor de salvagarda do noso patrimonio marítimo e fluvial e de divulgación do seu valor aló onde este patrimonio estea presente.

Por todo isto apelamos á necesaria responsabilidade dos colectivos inscritos no compromiso que adquirimos ao participar conxuntamente en representación da cultura marítima e fluvial galega.

PRAZO DE INSCRICIÓN

A inscrición de barcos e tripulantes farase enviando a ficha adxunta por correo electrónico a secretaria@culturmar.org

A ficha deberá ser cuberta en todos os seus apartados, indicando en todo caso o nome do colectivo, persoa responsábel do grupo, número de membros do colectivo que integran o grupo (incluíndo a persoa responsábel), móbil de contacto, barco inscrito e características principais. **Enviarase ademais, xunto coa ficha, unha fotografía actual do barco con boa calidade.**

Nesa mesma ficha farase constar calquera circunstancia especial que afecte aos barcos ou tripulantes e que poida ser de interese para a mellor organización da expedición.

- ✓ O prazo de inscrición abrirase o **xoves 15 de maio** e finalizará o **domingo 15 de xuño ás 24:00.**

OUTRAS INFORMACIÓNS DE INTERESE

- ✓ **Ubicación evento:** https://maps.app.goo.gl/H4hK166coxbQfMWf6?g_st=aw

Distancia aproximada desde Cambados a Lekeitio: 696km / 7 h

A ruta pode conter peaxes na AP9 e na AP8. Esta ruta pode conter tramos en obras

Pavillón: pendente ubicación.

Zona xantares: pendente ubicación.

Zona botadura dos barcos: pendente ubicación.

Zona estacionamento de remolques: pendente ubicación.

A XUNTA DIRECTIVA

Cambados, 12 de maio de 2025